



Resolución do 23 de novembro de 2018, da Universidade da Coruña, pola que se modifica o prazo de resolución e adxudicación de bolsas do mes de decembro de 2018 da Convocatoria de Bolsas para a mobilidade de PDI e PAS da UDC no marco do Programa Erasmus + (STT).

O 17 de xullo de 2018 publícase a Convocatoria de Axudas de Custo para a mobilidade de PDI e PAS da UDC no marco do Programa Erasmus + (STT) para o curso académico 2018/19, indicándose no artigo 9.C que os prazos de resolución das bolsas serán o último día hábil de cada mes para as solicitudes recibidas ata dous días antes do dito día hábil no mes natural en que se publicará a resolución.

Por cuestións de peche do exercicio económico do ano 2018 só e posible tramitar aeste tipo de pagamentos ata o 14 de decembro, polo que

RESOLVO

Modificar o prazo de presentación e resolución das axudas da Convocatoria STT para o mes de decembro, establecendo como prazo límite de resolución o 12 de decembro incluíndo todas aquelas solicitudes completas recibidas ata dous días hábiles antes da dita data.

As solicitudes recibidas entre o 10 e o 31 de decembro incluíranse na resolución do mes de xaneiro 2019, sempre e cando se axusten ao requirido na convocatoria.

A presente resolución entrará en vigor o día da súa publicación no taboleiro electrónico da UDC.

O reitor,

Julio E. Abalde Alonso